

EXAME FILOSOFÍA 2º BACH 2025/26

Apelidos:

Nome:

FILOSOFÍA E FUNCÍONS. ACTUALIDADE E UTILIDADE (2 puntos)

Ten vostede o seu primeiro contrato de prácticas nun periódico. O redactor xefe da sección de noticias internacionais, sabedor dos seus coñecementos filosóficos, pídelles que prepare un artigo de opinión, **acerca do valor da verdade fronte á construción intencionada de narrativas nos conflitos contemporáneos**. Neste momento vostede recorda a filosofía de Platón e a súa Teoría das Ideas. Redacte un artigo divulgativo co título: **“verdade e aparencia”** no que se incluan os conceptos: coñecemento, opinión, verdade, mundo intelixible, imaxes, morada-prisión, dialéctica. Extensión máxima de 20 liñas.

O Goberno de Netanyahu converteu o control da narrativa nunha prioridade militar, a infoesfera en campo de batalla e os *influencers* en soldados a soldo. Para isto activou a maquinaria de propaganda e influencia mediática [...] para xerar e posicionar contido en plataformas dixitais, manipular algoritmos e adestrar modelos de intelixencia artificial como ChatGPT na infoesfera global.

Esta maquinaria non busca combater o antisemitismo, senón branquear unha guerra de exterminio en Gaza ante a audiencia mundial en xeral e a europea en particular. Un terzo do orzamento destinouse a financiar campañas que neguen a fame en Gaza e a convencer ao mundo de que se trata dun «complot» internacional antisemita onde Médicos Sen Fronteiras, a ONU, países europeos ou recoñecidas ONGs israelís de dereitos humanos inventan fotografías de nenos moribundos.

<https://www.diariosiriolibanes.com.ar/Actualidad/Palestina/Israel-paga-millones-para-manipular-a-la-Generaci%C3%B3n-Z-en-redes-y-en-inteligencia-artificial>

